

Capítulo III

POLÍTICA CAÓTICA: 1939-1941

I.- As vacilacións

1. O acoramento programado no Reich e en Polonia.- A empresa de destrución do xudaísmo europeo é unha mestura de racionalidade burocrática e de improvisación constante. Os seus funcionarios rara vez ven máis aló da etapa en curso.

Nada máis comezada a guerra, planifícase o racionamento e organízase a fame segundo unhas formas esaxeradamente exhaustivas. A partir de decembro de 1939, os xudeus alemáns son excluídos das distribucións especiais de alimentos e logo, en marzo de 1949 dáse a orde de seren identificados marcando cun “J” nas tarxetas de racionamento⁴⁰. Só poden mercar nas tendas nunhas horas determinadas (en Berlín, dende as 16 ás 17 horas). En setembro 1939, éelles imposto un toque de queda dende as oito da tarde e sonlles confiscadas as radios. En novembro, engádense as restricións de desprazamento, tanto no que atinxe a horarios como a lugares, ao tempo que se lles prohíbe o uso de transportes comúns en setembro de 1941, e máis adiante, calquera tipo de transporte público (marzo de 1942).

En setembro de 1941, o goberno obrígalle a levar a estrela de David a todo xudeu alemán maior de seis anos cosida no lado dereito da roupa e onde se destaque a palabra *JUDE* en caracteres negros sobre o fondo amarelo⁴¹. Nese mesmo momento, e este feito non é casual, prohibeselles aos xudeus que abandonen o seu lugar de residencia. Un mes máis tarde, a Europa alemá fécchase definitivamente á emigración xudía.

A política de exclusión é aínda máis brutal en Austria (*Ostmark*). A partir de outono de 1939, os cento cinco mil xudeus de Viena son reagrupados e amoreados nuns cantos barrios da cidade. Instálase a miseria: a comunidade distribúelles unha comida diaria a máis de trinta e tres mil

⁴⁰ Logo, a partir de marzo de 1942, a palabra *JUDE* en diagonal.

⁴¹ Prodúcese a coincidencia simbólica de que é o mesmo día en que os xudeus alemáns teñen que devolver as medallas e as condecoracións.

persoas⁴². O proceso de destrución progresiva experimentábase en Viena con máis intensidade, cada etapa prepara e reforza a seguinte. Trátase dunha preparación psicolóxica que abre a vía cara a unha radicalización violenta.

Polonia capitula o 25 de setembro e desaparece como Estado despois da invasión realizada por Alemaña o día 1 de setembro e despois de ser tamén invadida pola Unión Soviética o 17 de setembro de 1939. Queda dividida en catro zonas: unha parte é anexionada por Alemaña (*Warthegau*)⁴³, outra é anexionada pola Unión Soviética, a zona de Vilna anexionaa Lituania e queda un resto que ocupan os alemáns e que bautizan co nome de “Goberno Xeral”.

En outono de 1939, quedan baixo o control alemán un millón novecentos mil xudeus: douscentos mil no *Warthegau* e un millón trescentos mil no “Goberno Xeral”. Nada máis ocuparen o país, as condicións que os alemáns establecen para a poboación xudía están marcadas por unha violencia inaudita. Os máis vellos, que aínda lembran a ocupación alemá de 1914, séntense derrotados. A partir de novembro de 1939, no “Goberno Xeral”, os xudeus son constrinxidos a levar un brazal branco no que debe ir inserido unha estrela de David de cor azul. No *Warthegau*, deben lucir dúas estrelas na roupa, unha no peito e outra nas costas. Prohíbese calquera cambio de domicilio a partir do 11 de decembro de 1939 e quedan sometidos ao toque de queda dende as 21 horas ás cinco da mañá. Tamén se lles prohíbe o uso dos trens a partir de xaneiro de 1940, téñense que censar obrigatoriamente e nos documentos de identidade debe figurar unha marca especial.

As comunidades xudías pequenas (menos de cincocentas persoas) quedan disoltas, as vilas nas que residen son arrasadas e incendiadas, e as “operacións de reagrupamento” dan lugar a brutalidades sistemáticas. Os bens que deixan os xudeus son declarados “abandonados”. Os talleres, as tendas e as empresas téñense que traspasar aos alemáns “étnicos” por un prezo módico. No “Goberno Xeral”, en fin, legalízase o traballo forzado a través do decreto de 26 de outubro de 1939, que en realidade, consiste nunha explotación ilimitada dos xudeus.

2. Emigración e arredamento.- Entre 1933 e 1939 a través da acumulación errática de decisións, a Alemaña nazi busca a saída masiva dos xudeus alemáns. Mais o soño dunha nación *judenrein* afástase conforme se reforza o III Reich: a *Anschluss* en marzo de 1938, a anexión dos Sudetes en outubro do mesmo ano e despois do Protectorado de Bohemia e Moravia en marzo de 1939, provoca que tan só nun ano o

⁴² Basicamente, a poboación dunha idade avanzada: os menores de corenta anos só representan un 15 % da comunidade xudía vienesa.

⁴³ A Alemaña anexiona dous territorios coa calidade de *Reichgaue*, Dantzig e Wartheland. Este último territorio, situado arredor de Poznan (Posen) e de Lodz (Litzmannstadt), designase co termo de *Warthegau*.

“problema xudeu”, polo menos dende o punto de vista numérico, se convirta para o Reich en algo tan importante como en 1933.

Co estouramento da Segunda Guerra Mundial, a “cuestión xudía” adquire unha envergadura excepcional. En setembro de 1939, a data é simbólica, Himmler, xefe supremo da policía e das SS, funda a RSHA⁴⁴ (*Reichssicherheitshauptamt*, Oficina central para a seguridade do Reich) e coloca a Reinhard Heydrich na súa dirección. Dentro desta, a oficina IV ten un departamento para a “cuestión xudía” que dirixe Adolf Eichmann, anteriormente responsábel da “emigración” xudía en Viena.

Ao someter Polonia como un Estado vasalo (setembro de 1939), Alemaña controla un dos dous centros vitais do xudaísmo europeo e mundial. Ao mesmo tempo, redúcense as posibilidades de emigración masiva conforme se vai prolongando a guerra co Reino Unido (1940-1941). Os responsábeis alemáns intentan en dúas ocasións, polo menos, poñer en marcha un proxecto de “reserva xudía”.

En setembro de 1939, un primeiro proxecto de Heydrich prevé expulsar os xudeus en masa das rexións xermano-falantes cara ao distrito de Lublin situado no “Goberno Xeral”. O seu gobernador, Hans Frank, non quere que a súa colonia modelo se convirta nunha “reserva xudía”. Göring, como responsábel da economía alemá non ten mentes de privar os territorios incorporados ao Reich dunha man de obra sometida. Esas dúas resistencias xuntas explican, cada unha no que lle corresponde, o abandono do proxecto de “reserva xudía” en Polonia chamado “proxecto Nizkor”. De feito, en marzo de 1940 prohibense as deportacións cara ao “Goberno Xeral”.

O 25 de maio de 1940, Himmler envíalle a Hitler un memorando que trata da “emigración de todos os xudeus cara a África ou outros lugares das colonias”. Despois da derrota francesa, Eichmann estuda un proxecto de emigración para catro millóns de xudeus cara á illa francesa de Madagascar (50 000 km²) que se realizaría en catro anos, previamente evacuaríanse os vinte e cinco mil colonos franceses... Tal é en substancia o segundo proxecto de emigración masiva coa finalidade de crear unha reserva xudía á cabeza da cal habería un gobernador alemán que á súa vez estaría baixo as ordes de Himmler.

A idea non é nova. Polonia xa o tentara en 1937 e comunicárallo ao goberno francés. A convención de armisticio franco-alemán de 1940 prevía a cesión de Madagascar ao Reich, pero a continua guerra contra os británicos desbarataba os planos iniciais: cómo se traslada a catro millóns de xudeus por vía marítima?

Hitler collido entre a espada e a parede (a guerra no Oeste e o “problema xudeu”) escolle a fuxida cara a adiante na única guerra que vale

⁴⁴ O RSHA está formado pola policía de seguridade, órgano do Estado do que dependía a Gestapo, e a SD, órgano do partido.

para el, a invasión da Unión Soviética. Pero a “cuestión xudía”, duplícase en intensidade, porque Alemaña ten daquela, no verán de 1941, o control da meirande parte do xudaísmo europeo. Ademais, a natureza da guerra iniciada contra o bolxevismo, criatura dos xudeus a ollos do antisemitismo europeo, implica a destrución do xudaísmo soviético, é dicir, unha “guerra de exterminio” como puntualiza varias veces Hitler (*Vernichtungskrieg*). Neste contexto, o proxecto Malgaxe, aparcado dende o outono de 1940, fica oficialmente abandonado en febreiro de 1942.

En outubro de 1941, Alemaña cambia totalmente de política e decide prohibir todo tipo de emigración. Con todo, calcúlase en cincocentos trinta e sete mil o número de xudeus que puideron saír de Europa: trescentos sesenta mil do “antigo Reich”, cento corenta e sete mil de Austria e trinta mil de Bohemia-Moravia.

II.- Traslados e confinamentos: A morte programada do gueto

Durante os primeiros meses da ocupación, a comunidade xudía polaca segue a crer que a tempestade é pasaxeira. Ninguén albisca, nin de lonxe, a “Solución Final”. “E cando tomaron Levenberg⁴⁵, produciuse unha grande traxedia. O fillo berrou: “deixade o meu pai e collédeme a min no seu lugar!” e ao final colleron aos dous (...) e disparáronlles cadansúas balas na cabeza” (decembro de 1939).”

A partir de 1939, conforme ás ordes dadas por Hans Frank, os xudeus son reunidos e amoreados nun barrio da cidade, completamente amurallado e sometido a toque de queda dende as sete da tarde até as sete da mañá do día seguinte. Oficialmente, trátase de controlar o tifo e erradicar o mercado negro xudeu. Oficiosamente, o gueto debe supor a representación da “selección natural” a través da fame, do esgotamento e das epidemias.

En Lodz (rebautizado Lizmannstadt) inaugúrase o primeiro gueto en abril de 1940. Axiña virían o de Varsovia (outubro de 1940), o de Cracovia (marzo de 1941) o de Lublin (abril de 1941) e o de Lwow (Lemberg, decembro de 1941), o terceiro en importancia despois do de Varsovia é Lodz. Non existen nin planos de conxunto, nin modelo único para imitar, pero en todos eles o contacto co mundo está moi limitado (o teléfono é case inexistente, fécense a meirande parte das sucursais bancarias), mentres que dentro, contrariamente á ilusión dos primeiros tempos, a presenza alemá é poderosa grazas á *Gestapo* e á *Kripo* (policía penal). A finais de 1941, case todos os xudeus do “Goberno Xeral” están choídos nos guetos e na Unión Soviética xa levan seis meses de asasinatos en masa.

⁴⁵ Declaración de Zvi Pachter, xuízo a Eichmann, Xerusalén, maio de 1961.

1. Lodz e Varsovia.- O gueto de Lodz é un barrio infecto no que se amorean sesenta e dous mil xudeus. Trasládanse alí uns cen mil máis algunhas semanas despois, facendo que a densidade de ocupación nos apartamentos aumentase até seis persoas por cuarto.

Dende outubro de 1941, o gueto serve de centro de tránsito para os xudeus deportados do Reich, así como para un certo número de xitanos, constituíndo a última etapa antes do seu asasinato. O amoreamento, a fame e as epidemias producen os efectos que se contaban. En 1941, o gueto recibe 2438 t de fariña, en agosto recibe 1210 t e as racións redúcense⁴⁶ paulatinamente até a liquidación final en agosto de 1944. Por se non abundase, hai dous organismos que realizan o reparto de alimentos e os “filtran”: primeiro os alemáns e logo, o Consello Xudeu. Este percorrido fomenta favoritismos e corrupción e non é raro que os paquetes de alimentos que chegan intramuros sexan a miúdo consumidos pola policía o gueto.

Un cuarto da poboación recluída (duascentas mil) morre no gueto, outras cincuenta e cinco mil desaparecen nas deportacións dos cinco primeiros meses do ano 1942. As deportacións máis masivas teñen lugar entre o 5 e o 12 de setembro de 1942. Shloyme Frank comenta unha destas “*Aktion*” alemás: “as nais tremían de angustia polo medo que tiñan de que lles arrincasen os fillos, e toleaban subitamente. Os nenos pegábanse ás nais, abrazábanse ás súas pernas e imploraban piedade (...). Descubriron todos os agochos, e os nenos foron abatidos diante dos ollos de seus pais”. No terceiro día da “*Aktion*”: “O sangue manchaba as rúas. Mortos, mortos e máis mortos. (...) Un terceiro asasino (un tal Schmidt) xuntou a catro nenos, obrigounos a axeonllarse e mandoulles abrir a boca. Os nenos, abriron a boca albos de medo e disparou consecutivamente en cadansúa boca. (...) Non houbo quen botase un berro. Quedaron estendidos no chan, tesos de morte, na beirarrúa da rúa Lagewnicka”⁴⁷.

A finais de 1942, Lodz devén por defecto, e por razóns económicas (a SS véndelles man de obra xudía servil a numerosas empresas alemás locais) o maior gueto polaco: hai oitenta mil persoas que teñen dereito a racións alimentarias semellantes ás dun prisioneiro e traballan doce horas ao día. O gueto líquídase en 1944, e o seus superviventes son deportados a Auschwitz.

⁴⁶ “O presidente convocou hoxe os dirixentes de todos os talleres: “Tendes que saber, declarou o presidente, que no gueto xa non queda nada que comer. A razón é que todos os transportes por tren están destinados aos militares, e que cando intento intervir para que nos envíen algúns vagóns de fariña ou de patacas, respóndenme que os alemáns tamén padecen fame. Os militares teñen a prioridade, despois vén a poboación civil alemá, logo os polacos e en último lugar, en caso de que quede algún vagón, nós obteríamos algo” (Shloyme Frank, “Diario do gueto de Lodz”, o 14 de xullo de 1942, en *Le Monde juif*, núm. 154, maio de 1995, p. 62).

⁴⁷ En *Le Monde juif*, maio de 1995, p.79.

Antes da guerra vivían en Varsovia trescentos noventa e tres mil xudeus. En agosto de 1940, os alemáns dividen a cidade en tres barrios (alemán, polaco e xudeu) e o 2 de outubro deciden crear o gueto ao que non van volver chamar “barrio xudeu”. Féchase o 16 de novembro de 1940 despois de ser rodeado por muros altos, encarréirase cara a alí cento trinta e oito mil xudeus a un espazo extremadamente reducido. En 1941, o gueto conta con preto de catrocentos setenta mil xudeus e malia fame omnipresente e as doenzas, a vida é extraordinariamente viva. Esta “sociedade libre de escravos⁴⁸” desprega unha intensa actividade social. En xaneiro de 1942, as cantinas distribúen setenta mil comidas a mediodía. Os comités dos inmóbeis xestionan os problemas cotiáns, ponse en marcha un ensino clandestino, abeirándose nos *yeshivot*⁴⁹ e nos oficios relixiosos. A vida cultural continúa: móntanse obras de teatro e, arredor do historiador Emmanuel Ringelblum existe todo un equipo (*Oneg Shabbath*, a ledicia do Shabbath...) encargado do arquivo dos documentos que relatan día a día o esmagamento dunha comunidade de preto de medio millón de seres humanos.

O mercado negro prospera porque a comida chega en cantidades irrisorias. O gueto morre a modiño grazas á vontade alemá e á pasividade cando non á complicidade polaca. O presidente do Consello Xudeu, Czerniakow, anota en maio de 1941: “Nenos morrendo de fame”. A ración de pan cae a 700 gramos á semana, morren de inanición nas rúas, e triplicase a mortalidade en dous meses. A comezos de 1942, a ración de base cae a 500 gramos de pan á semana. Calcúlase que non baixa do 40 % o número de enfermos que existen permanentemente, dezmados pola tuberculose, a gripe e sobre todo polo tifo. A principios de 1942, o gueto ten un nacemento por cada corenta e cinco mortes. Antes do comezo da “grande acción” de xuño de 1942, o acoramento programado asasinou a oitenta e tres mil persoas.

2. Os Consellos Xudeus.- Os Consellos Xudeus nacen dunha iniciativa alemá⁵⁰ procedente do “Goberno Xeral” e recollido polo decreto de 28 de novembro de 1939. O fin que persegue é que a propia comunidade xudía se encargue das tarefas administrativas e burocráticas esenciais e específicas como son o censo, o espolio e posteriormente a súa deportación. Xa que logo, o Consello Xudeu é un intermediario entre as autoridades alemás e as comunidades xudías. Dito doutra maneira, os xudeus por entremedias do Consello que lles é imposto teñen que facerse cargo, etapa tras etapa do seu asasinato, pensando sempre que aceptando unha catástrofe

⁴⁸ E. Ringelblum, en *Chronique du ghetto de Varsovie*, Paris, Payot, 1995.

⁴⁹ Escola de estudos relixiosos.

⁵⁰ E isto despois da creación o 4 de xullo de 1939 da *Reichsvereinigung der Juden in Deutschland* até a Asociación dos xudeus húngaros do 19 de abril de 1944.

pode evitar a seguinte, que sempre semella aínda peor. Unhas veces o Consello⁵¹ é nomeado directamente polos alemáns, e outras, que é o caso máis frecuente, está organizado dentro da comunidade a través dos seus xefes tradicionais tanto laicos como relixiosos. Na maior parte dos casos, recolócanse os notábeis xudeus de pre-guerra nas súas funcións que, evidentemente, xa non teñen nada que ver coas da vida comunitaria de antes. O Consello Xudeu cae na trampa: convértese nunha administración municipal *de facto*, pídeselle que resolva os problemas da autarquía imposta sen darlles os medios que precisan, e facendo que dependa do exterior simplemente para sobrevivir. O abraio organizado polos alemáns favorece o clientelismo e a corrupción.

O Consello de Varsovia conta con preto de seis mil empregados, á súa cabeza está o enxeñeiro Adam Czerniakow (1880-1942), antigo presidente da *kehilla* (comunidade). Ten que xestionar a distribución das tarxetas de racionamento, o reparto da comida nas cantinas populares, o destino dos apartamentos, recadar os impostos e administralos, organizar os medios sanitarios e o traballo interno e externo baixo o control dos alemáns en todos os eidos citados. Mais, o Consello tamén ten para o ocupante a función de desviar a cólera das vítimas contra a xente da súa propia comunidade, uns teñen unha devoción militante admirábel, mentres que outros actúan como verdadeiros oportunistas.

A Alemaña nazi destrúe prioritariamente as elites das “nacións escravas” que someten (Polonia, Rusia etc.). Porén, as elites xudías son as últimas en seren eliminadas: o aparello de Estado alemán precisa das instancias comunitarias até o último momento para controlar mellor a unha poboación destinada á aniquilación física na súa totalidade.


Os Consellos Xudeus, e a policía xudía máis aínda, suscitan unha reacción violenta porque facilitaron unha obra de destrución que ninguén, en 1940, nin tampouco en 1941, podía entrever na súa amplitude. Quizais Adam Czerniakow, unha das grandes figuras do gueto de Varsovia, comprendeu a magnitude da catástrofe, e por iso decide a finais de xuño de 1942, poñer fin aos seus días tragando unha cápsula de cianuro que levaba consigo.

III.- A viraxe do verán de 1941: A primeira fase do xenocidio

1. **A creación dos *Einsatzgruppen*.**- Na primavera de 1941, no máis grande dos segredos, créanse catro comandos que cubrirían o espazo da fronte, operando na retagarda do exército e que se encargarían de asasinar a

⁵¹ A unha comunidade de menos de dez mil persoas correspóndelle un Consello de doce membros, se sobrepasa a cantidade anterior correspóndenlle vinte e catro membros.

xudeus e a comisarios políticos da Unión Soviética⁵². Forman os *Einsatzgruppen* ou “grupos de acción especial”⁵³ arredor de tres mil homes, todos voluntarios, mandados por oficiais de alta graduación, entre os cales se atopan algúns homes da igrexa e intelectuais brillantes. Cada un deles conta entre cincocentos e mil homes. O *Einsatzgruppe A* depende dos exércitos norte, o B depende do exército do centro, o C do grupo do exército do sur, e o D depende do XI exército (*cfr.* Mapa I).



Mapa I.- Polonia e URSS baixo ocupación alemá 1941-1944, xeografía do xenocidio xudeu

Xa non é cuestión de expulsións nin de campo de traballo. O asasinato en masa está programado nuns “operativos de matanza móbiles” (Hilberg). Dos tres millóns de xudeus que habitan nos territorios invadidos a partir do 22 de xuño de 1941, un millón e medio consegue escapar.

Os masacres comezan en xuño, e adquieren carácter masivo a partir do mes de agosto. Richard Heydrich, ordena o 17 de xullo de 1941, que se

⁵² A “particular” natureza desta guerra vese reafirmada polo número de comandantes do exército regular. Así, esta orde do mariscal von Reichenau, comandante en xefe do 6º exército na fronte rusa, o 10 de outubro de 1941: “O fin máis importante da guerra contra o sistema xudeu-bolxevique é a destrución total dos seus medios de acción e a eliminación da influencia asiática na cultura europea. Nesta instancia, as tropas atópanse en presenza de tarefas que sobrepasan a simple rutina militar. O que combate nos territorios do Leste non é só un soldado segundo as normas da arte militar, senón tamén o portador dunha despiadada ideoloxía nacional e o vingador das brutalidades das que foron vítimas os alemáns e os países racialmente vencellados con ela. Por iso o soldado debe comprender as necesidades de vinganza severa pero xusta contra esta humanidade inferior que é a xudería” (en *Procès des grands criminels de guerre devant le Tribunal militaire international de Nuremberg*, 1947-1949, vol. 4, p. 476).

⁵³ Os *Einsatzgruppen* non son cousa nova. Foron visíbeis en marzo de 1938 en Austria, en outubro de 1938 nos Sudetes, en marzo de 1939 no resto de Checoslovaquia, transformada en Protectorado de Bohemia-Moravia. Pero é verdade que daquela aínda non se trataba dunha política de asasinatos en masa.

identifiquen entre os prisioneiros de guerra soviéticos aqueles que tivesen responsabilidades dentro do partido bolxevique ou dentro do Estado e, en segundo lugar, que se identifiquen os xudeus. Os primeiros teñen que clasificarse, segundo as súas funcións, en once categorías, e os segundos deberán ser executados sen xuízo.

2. Os “Operativos de matanza móbiles”.- A partir de finais do mes de xuño de 1941, na retagarda da fronte soviética, sucédense os fusilamentos sen interrupción. E contrariamente ao que ocorrerá despois en que vai prevalecer a prudencia, estes massacres aínda non se realizan en segredo. Os *Einsatzgruppen* capturan a unha poboación xudía composta na maior parte dos casos por mulleres, nenos e vellos, porque a maioría dos homes están servindo no exército vermello e logo agrúpana nos arrabaldes ou en lugares arredados das cidades. Antes de que actúen estes comandos, os invasores organizan un destacamento de “traballadores xudeus” que empregan para cavar os foxos comúns e ao mesmo tempo preparan un cordón policial arredor da vila ou do barrio. A maior parte dos xudeus acoden ao lugar en que son convocados, algúns agóchanse, pero se son descubertos fusílanos in situ ou quéímanos vivos⁵⁴ nas súas casas.

Dende o lugar de concentración e en grupos de cincuenta a cen persoas, a pé ou en camión, conducen ás vítimas ao lugar do massacre sen que entre elas medie moita distancia. Unha vez que chegan ao lugar, íspense e colócanse na beira do foxo, reciben sucesivas raxadas de disparos, caen enriba dos corpos dos primeiros caídos e van agonizando baixo o peso dos seguintes, por veces, algúns quedan horas enteiras respirando mentres se desangran.

O símbolo desta destrución en masa está representado polos fusilamentos de *Babi Yar* en setembro de 1941. O exército alemán entra en Kiev o 19 de setembro de 1941, dez días despois (entre os días 29 e 30 de setembro), o comando do *Einsatzgruppe C* masacra a trinta e tres mil setecentos setenta e un xudeus, non moi lonxe desa cidade ucraína, na canteira de *Babi Yar*. Os *einsatzkommandos* alemáns vixían e colocan en ringleiras os xudeus, teñen como axudantes aos ucraínos que destacan pola súa brutalidade, condúcenos ao lugar e fórzanos a espirse e a entregarlles os seus obxectos de valor. Logo lévanos, sempre espidos, a unha canteira de 150 m de lonxitude, 30 m de ancho e 15 m de profundidade. Kurt Werner, membro do comando especial SK 4a descríbeo así : “ (...) Despois de chegar ao lugar da execución, tiven que baixar inmediatamente ao fondo da foz cos meus camaradas. Non houbo que agardar moito para que fosen conducidos alí os primeiros xudeus e baixasen a aba. Os xudeus tiñan que deitarse e coa cara pegada á terra. No fondo do foxo, os executadores foron

⁵⁴ Como o caso de Minsk. Outros foron afogados (Mar Negro).

divididos en tres grupos duns doce homes. Todos os xudeus foron conducidos ao mesmo tempo perante os pelotóns de fusilamento. Os seguintes tiñan que deitarse enriba dos corpos dos que acababan de ser executados. Os verdugos púñanse detrás deles e abatíanos cunha bala na caluga. Aínda hoxe me lembro que sentaban co arreguizo que lles producía veren os cadáveres ao chegaren á beira do foxo. Moitos deles daban en berrar arrepiados”⁵⁵.

Masacres a gran escala tamén as perpetra o exército romanés cando ocupa Odessa o 16 de outubro de 1941. Once días máis tarde, os partisanos soviéticos fan estourar o seu cuartel xeral. As represalias romanesas abátense sobre os xudeus que deben entregar un refén por familia no mesmo momento. O 28 de outubro de 1941, nos días seguintes ao atentado, fusilan a dezanove mil persoas en Odessa, mentres que a algúns quilómetros de alí, amorean a outros trinta mil dentro duns inmensos almacéns e ametrállanos para finalmente queimalos vivos. Estas matanzas esporádicas non afectan unicamente ao territorio soviético, de xeito que moitas pequenas comunidades xudías de Polonia son aniquiladas da mesma maneira entre 1942 e 1943 : por exemplo, a matanza de Jozefow, unha aldea situada ao sudeste de Lublin no “Goberno Xeral” perpetrada o 13 de xullo de 1942, polo 101 batallón de reserva da policía alemá. Un destes policías, Wilhem G. describe a acción : “Comezábamos a disparar á altura da vista. Cando algún de nós apuntaba moi alto, estouraba todo o cranio e saían voando por todos os lados miolos e ósos. Daquela dixéronnos que colocásenos a punta da baioneta na caluga.”⁵⁶. Outro verdugo precisa: “Disparando así, a queimarroupa, a bala daba na cabeza da vítima e collía unha traxectoria de tal que se levaba por diante o cranio enteiro, ou polo menos, a parte de atrás da caixa cranial: o sangue, as lascas de ósos e os miolos espaxábanse por todos lados e mesmo salpicaba aos que disparaban”⁵⁷.

Dos cincocentos homes que formaban a tropa de Josefow, rexeitaron formar parte daquela matanza unha ducia deles e iso que o comandante do batallón lle deu esa posibilidade a todos. Foron poucos e raros os casos nos que se produciu o rexeitamento a obedecer as ordes, e dos casos coñecidos, en situacións como estas, non houbo sancións.

“(…) No entanto, o suboficial de artillería Kosar atopoume neste lugar e ordenoume que participase na execución como previamente se decidira. E eu negueime, porque non podía abrir fogo sobre uns homes sen defensa, eu non quería ser un asasino (...) Eu non sufrín ningún tipo de

⁵⁵ En *Pour eux, “c’était le bon temps”. La vie ordinaire des bourreaux nazis*, Ernest Klee, Willy Dressen, Volker Riess, Plon, 1990, p.61 (1ª edición alemá 1988, traducido do alemán ao francés por Catherine Métais-Bührendt).

⁵⁶ En Christopher Browning, *Des hommes ordinaires*, Les Belles Lettres, 1994, p. 90.

⁵⁷ *ibidem*, p.90-91

represalia, como consecuencia da miña negativa a formar parte do pelotón de execución.”⁵⁸.

A “caza do xudeu” (a expresión pertence a un dos asasinados) prosegue en 1942 e 1943, “era o pan de cada día”⁵⁹. O exército regular non só asiste ás matanzas, senón que moitas veces lles ofrece un grande apoio aos asasinados tal e como se produce en Serbia, en Bielorrusia, en Rusia, en Ucraína e nos Países Bálticos: “Mesmo chegou a ocorrer que un dos membros da *Wehrmacht* nos quitase das mans a carabina e el mesmo disparase en vez nosa no pelotón de execución”⁶⁰.

Dende finais de xuño de 1941 ao mes de xaneiro de 1942, os *Einsatzgruppen* asasinan a oitocentas mil persoas⁶¹. Até finais de 1942, o resultado en número de mortos dos *Einsatzgruppen* acada a cantidade dun millón trescentas mil vítimas xudías.

Pero as testemuñas son moitas e molestas, comezando polas do exército regular. Ás veces aos asasinados dáselles por falar, sobre todo, cando están demasiado bébedos para continuar abatendo xente. O método aínda

⁵⁸ Un testemuño entre outros tantos, como o dun membro do 3º escuadrón do II destacamento da policía montada que conta as execucións dos xudeus perpetradas en Hrubieszow, na URSS, en 1941... (en *Pour eux...*, op. cit., p.72).

⁵⁹ En Browning, *Des hommes ordinaires*, op. cit., p. 169.

Velaquí unha lista, incompleta polas carencias que presentan os arquivos, extraída dos informes secretos e diarios dos batallóns de policía que operan na Rusia Meridional (en *Des hommes ordinaires*, p. 32-33):

- 19 de agosto de 1942: o 314 batallón fusilou vinte e cinco xudeus. En Slavuta, o 45 batallón fusilou cincocentos vinte e dous xudeus;
- 22 de agosto: o 45 batallón fusilou sesenta e seis xudeus na primeira acción e catrocentos setenta e un na segunda.
- 23 de agosto: o 314 batallón fusilou trescentos sesenta e sete xudeus nunha “acción de limpeza”.
- 24 de agosto: o 314 batallón fusilou douscentos noventa e catro xudeus, o 45 batallón fusilou sesenta e un xudeus, o “escuadrón de policía” (policía a cabalo) cento trece xudeus;
- 25 de agosto: o rexemento de policía da rexión Sur fusilou mil trescentos vinte e catro xudeus;
- 27 de agosto: segundo un informe, o rexemento de policía da rexión Sur fusilou cincocentos corenta e nove xudeus e o 314 batallón fusilou sesenta e nove xudeus. Un segundo informe apúntalle na conta do rexemento de policía da rexión Sur un total de novecentos catorce xudeus fusilados.
- 28 de agosto: o rexemento de policía da rexión Sur fusilou trescentos sesenta e nove xudeus, etc.

⁶⁰ Erich Heidborn, membro do comando especial 4a (citado en *Pour eux...*, op. cit., p.116).

⁶¹ Exemplo do balance do *Einsatzgruppe A* que operaba nos Países Bálticos e na Rutenia branca, a primeiros de febreiro de 1942.

Execucións:

- xudeus: 229 063 (95’3%)
- comunistas e partisanos: 9 400 (3’9%)
- enfermos mentais: 1 635 (0,7%)
- “Especiais”: 312 (0’1%)

(en H. Krausnick e H.-H. Wilhelm, *Die Truppe des Weltanschauungs-krieges. Die Einsatzgruppen der Sicherheitspolizei und des SD 1938-1942*, Stuttgart, DVA, 1981, p.607).

non está preparado de todo, estima Himmler cando visita⁶² Minsk cara ao 15 de agosto de 1941. Cómpre que o proceso de asasinato masivo sexa máis rápido, máis discreto e menos desmoralizante. De aí que naza a idea por experimentar cos camións de gas uns meses máis tarde.

Sen embargo, dende o punto de vista dos asasinos, a operación constituía un éxito grazas á colaboración do exército regular, á actitude da poboación local que, por veces, actuou como unha axudante dos alemáns (tal é o caso dos países Bálticos e de Ucraína) e, grazas tamén á parálise que sufrían as vítimas civís, composta maioritariamente por mulleres, nenos e vellos que estiveron mal informados durante moito tempo da realidade nazi por causa da propia censura soviética, e que, en fin, foron abandonados por todos.

IV.- A decisión do xenocidio⁶³?

Mentres se producen estas carnicerías, Alemaña fecha as fronteiras do continente e comeza a aplicar ao conxunto do xudaísmo europeo a política do asasinato masivo. Desta decisión⁶⁴, que tomou Hitler, e da que quedaría unicamente unha mostra verbal, consérvase un documento do ministro de Interior Göring, redactado por Eichmann con data de 31 de xullo de 1941, e dirixido a Heydrich, xefe do RSHA: “(...) Polo presente, trasládolle a encomenda de que se tomen todas as medidas preparatorias necesarias, sexan estas de carácter organizativo, de aplicación ou de medios materiais, conducentes a obter unha solución total para a cuestión xudía na zona de influencia alemá en Europa (...)”.

Estaba previsto que a guerra contra a Unión Soviética durase uns meses, e así o exército de terra fixara o remate da mesma para mediados de setembro. A comezos de 1941, escurécense estes horizontes porque xa non hai posibilidade de estar en Moscova o 15 de agosto e terminar a guerra o 1 de outubro como Hitler desexara e predicira. Nos seus monólogos de agosto e de setembro de 1941, a Hitler vólvelle a remoer a lembranza da desfeita de 1918⁶⁵.

⁶² Despois desta visita, Himmler encárgalle a Nebe, xefe do *Einsatzgruppe B*, que busque un medio de execución “máis humano” (para quen?).

⁶³ A palabra forxouse a finais da guerra (*cfr.* cap. VI).

⁶⁴ Hai que falar dunha *única* decisión ou máis ben dun proceso de decisión complexo como preconiza Marlis Steinert? (en *Hitler*, Hachette, col. “Pluriel”, 1992, p. 482).

⁶⁵ En presenza de Heydrich e de Himmler o 25 de outubro de 1941: “Esta raza criminal ten na conciencia os dous millóns de mortos na Primeira Guerra Mundial e agora a centos de miles. Que non se me diga que non podemos envialos ás lameiras. Quen se ocupa dos nosos homes?” (citado por Marlis Steinert, *op. cit.*, p. 488).

Quizais sexa sobre finais do mes de setembro de 1941, sobre este fondo de angustia psicótica característica do panxermanismo⁶⁶, cando Hitler, obsesionado polo medo dunha derrota, toma a decisión de aniquilar masivamente os xudeus de Europa. A guerra do Leste permítelle poñer en práctica a política que levaba degorando dende había tempo. Coa viraxe que experimentaron os *Einsatzgruppen* na segunda quincena de agosto de 1941 confirmáronse os alicerces ideolóxicos e militares da decisión.

Entre o 22 de xuño e o 15 de agosto de 1941, os *Einsatzgruppen* asasinan arredor de cincuenta mil persoas a razón de vinte e cinco mil persoas ao mes. Pero dende mediados de agosto a mediados de decembro de 1941, acada un total de catrocentas cincuenta mil execucións, isto é, a razón de cento dez mil ao mes. Os xudeus “pagan”o fracaso da guerra lóstrego. Podemos, pois, ver que se producen dous momentos “nas” decisións que conducen ao xenocidio: o primeiro, a mediados de agosto de 1941, determina o asasinato de todos os *xudeus soviéticos*. E o segundo, probablemente despois do 20 de setembro de 1941, que decide o masacre de todos os *xudeus de Europa*. De feito, entre mediados de setembro e mediados de outubro de 1941, a trampa vaise tecendo sobre os xudeus de Europa. O 23 de outubro de 1941, prohíbese a emigración dos xudeus en todos os países de Europa (e non unicamente aos xudeus do Reich). A finais do mesmo mes comeza a construción do campo de exterminio de Belzec, en Polonia. Estamos a 18 de novembro de 1941, Rosenberg recibe a prensa e declara “confidencialmente” que a “cuestión xudía” pasa polo “exterminio biolóxico de todos os xudeus de Europa”. Once días máis tarde, Heydrich envía a convocatoria para a conferencia de Wannsee prevista inicialmente para o 9 de decembro de 1941⁶⁷.

O destino do xudaísmo europeo quedou selado coa invasión da Unión Soviética. Da mesma maneira, o destino dos exércitos alemáns ditaba o dos xudeus de Europa. Fose cal for o resultado da guerra armada, se fose desfavorábel, evitárase a “puñalada” de 1918, acabando polo menos co pobo xudeu. E se fose favorábel, existiría a posibilidade de rematar co problema non só porque as posibilidades de emigración fosen inexistentes, senón e sobre todo, porque o control da case totalidade dos xudeus de Europa ofrecía a ocasión⁶⁸ de eliminalos definitivamente.

⁶⁶ O 26 de xullo de 1941, Hitler arenga con novas directivas propagandísticas: “O pobo ten que saber que Alemaña combate nestes momentos pola súa simple existencia e que nós temos que escoller entre unha liquidación absoluta da nación alemá e a dominación do mundo.”

⁶⁷ Durante o xuízo en que estaba sendo xulgado en Xerusalén, Eichmann declara que fora informado dunha orde de exterminio dos xudeus para “dous ou tres meses despois do 22 de xuño de 1941”. Convocado por Heydrich, oíu a seguinte frase: “O Führer ordenou o exterminio físico dos xudeus, isto díxome así. E como se quixese agora controlar o efecto das súas notas, fixo unha longa pausa, contrariamente ao que adoitaba facer. Aínda hoxe me lembro” (en *Das Eichmann Protokoll*, Frankfurt, Ullstein, 1984).

⁶⁸ En marzo de 1942, o especialista da “cuestión xudía” no Ministerio de Asuntos Exteriores do Reich, Franz Rademacher, solicita un axudante máis para o departamento de “Asuntos Xudeus” por causa do aumento do traballo: “Canto máis inminente semella a vitoria alemá, máis importante e urxente se fai a

A política racial alemá, radicalízase con sucesivos saltos de 1939 a 1941. A guerra é o fio condutor deste amoreamento de decisións. Cómpre ir máis aló da falsa oposición dos *intencionalistas* e dos *funcionalistas* e ter en conta, tanto as achegas como os puntos débiles destas dúas teses. Os funcionalistas subestiman que existise un plano ideolóxico preconcebido, non só por parte do nazismo, senón tamén de xeito máis amplo daquela nebulosa intelectual forxada na segunda metade do século XIX que mestura ideoloxía *volkisch*, darwinismo social, eugenese, antisemitismo “biolóxico” e racismo. Os intencionalistas ven mal o proceso dinámico que foi o xenocidio xudeu, e sobre todo perciben de xeito incorrecto a función da guerra como factor de ruptura da política nazi dirixida aos xudeus.

V.- O modelo do asasinato masivo : A “*Aktion T4*”

Co paso do século XIX ao XX, Europa enxendrou unha lóxica intelectual que rebaixa a unha parte da humanidade ao rango dos parasitos. Esta evolución intelectual constituíu un terreo propicio para a codificación bioloxizante do rexeitamento.

O eugenismo, positivo ou negativo, está habitado pola obsesión da decadencia. A problemática que o desencadea é inseparábel da “cuestión social” que traballa as elites da segunda metade do século XIX. Atafegado polas multitudes e as masas, o eugenismo pensa as clases en termos de raza, e fai que o social se reconvirta en biolóxico. O racismo e o antisemitismo moderno, tamén chamado biolóxico, alíase co medo ao declive e á dexeneración a través da mestizaxe.

Estes estudos inflúen directamente no xurista alemán Binding e no psiquiatra Hoche que publican en 1920, en Leipzig, unha obra titulada “*A autorización para poñerlles fin ás vidas que non paga a pena de seren vividas*”⁶⁹. En 1922, publícase un proxecto de lei sobre a eliminación física dos doentes mentais nunha revista de dereito penal. Once anos máis tarde, os nazis están no poder: a lexislación que preparan cristaliza eses ataques difusos e homoxeneiza un pensamento disparatado sobre a eugenese, pero ben vivo nos medios científicos e médicos alemáns de primeiro nivel.

O interese pola eugenese mergulla tamén as súas raíces no traumatismo da derrota. Mantíñase que a elite fora asasinada e que sen embargo, os “febles” e os neuróticos de guerra foron protexidos e coidados. A lóxica da eliminación impregna a unha parte da sociedade alemá, incluso

tafeza do *Referat*; en efecto, cómpre que as cuestións xudías se arranxen antes do final da guerra, só deste xeito chegaremos as resolvelas sen provocar protestas no mundo enteiro” (en *L’Allemagne nazie et le génocide juif*, op. cit., p. 304).

⁶⁹ *Die Freigabe der Vernichtung lebensunwerten Lebens. Ihr Mass und ihre Form.*

antes do advento dos nazis ao poder. A única oposición pública provén da igrexa católica que se centra na política de esterilización⁷⁰.

Dende 1933, o cine de propaganda martela constantemente coa seguinte idea: *hai que ter dó*, cómpre acabar coas vidas “indignas de seren vividas”. A política de adoutramento prosegue na escola⁷¹. Dende 1934, diminúese progresivamente as doses de alimentos nos asilos, pero Hitler confíalle a Wagner, xefe dos médicos do Reich, que está esperando pola guerra para desfacerse das “vidas inútiles”.

Dende o mes de agosto de 1939, as comadroas, os médicos e enfermeiras están obrigados a declarar os nenos anormais (circular do *Ministerio de Interior*⁷²) ; xúntanos en grupos especiais e mátanos cunha inxección de morfina-scopolamina, ou déixanos morrer de fame. O “tratamento da fame”, introducido en Baviera en 1942 (a ración diaria é inferior a mil calorías), debe conducir á morte nun prazo de tres meses. Un mes máis tarde, en setembro de 1939, comeza o *censo* dos doentes mentais.

A “*Aktion T4*”⁷³ inaugúrase na Polonia ocupada en setembro de 1939. A dirección dos asilos de alienados do país confíase á administración alemá da Saúde. O 27 de setembro de 1939, as SS comezan a asasinar doentes no asilo de Kocborowo (Conradstein). En outubro de 1939, comeza a segunda fase do masacre coa eliminación, en Neustadt (Prusia oriental) dos doentes mentais procedentes desta rexión e de Pomerania. No “Goberno Xeral”, as operacións sonlle confiadas ao doutor Conti, xefe da seguridade do Reich, quen dá a orde de exterminar a todos os doentes mentais internados nos asilos da Polonia ocupada, ben sexa co gas, ben, máis tarde co “tratamento da fame”. Entrementes se producen estes “experimentos” en Polonia, tamén comeza en Alemaña o masacre dos doentes mentais. Encárganse tres médicos da misión : os doutores Brandt (logo ha ser o médico de Hitler), Bouhler, xefe da Chancelaría do Führer, e Linden, especialista dos doentes mentais no *Ministerio de Interior*⁷⁴.

En outubro de 1939, Hitler redacta a orde (datada en realidade o 1 de setembro de 1939, primeiro día da guerra en Europa) en que lle concede unha “morte misericorde” aos “incurábeis” mentais e epilépticos⁷⁵... Atópanse en relación directa con este problema de eliminación arredor de trescentos cincuenta e nove médicos e, tamén preto de douscentos alcaldes e

⁷⁰ Sobre todo coa encíclica *Casti Connubii*.

⁷¹ En 1935, un manual de matemáticas de uso corrente destinado a alumnos de escolas primarias de segundo ciclo, chamado *Dorner*, presentaba o seguinte problema: “A construción de asilos para alienados esixe seis millóns de marcos, cantas novas vivendas de 15 000 marcos se poderían construír con esta cantidade?”

⁷² A cursiva é nosa.

⁷³ Nome do código para o número 4 da rúa Tiergartenstrasse en Berlín onde está situado o centro de operacións.

⁷⁴ A cursiva é nosa.

⁷⁵ A lei alemá non foi modificada para isto.

empregados municipais que foron advertidos destas operacións no transcurso dunha reunión mantida en Berlín o día 3 de abril de 1940.

Estas operacións camúflanse. Os responsábeis teñen nomes falsos, os lugares en que se executa o asasinato están codificados. Trátase de seis centros de “eutanasia”, repartidos entre Alemaña e Austria⁷⁶, onde se reagrupan os “doentes mentais- paralíticos totais - psicópatas- vellos encamados- asociais- portadores de doenzas mentais e enfermidades hereditarias”. O monóxido de carbono fornéceno I.G. Farben. Contrátase persoal especializado e os membros das máis altas xerarquías do Reich son plenamente informados os días 23 e 24 de abril de 1941 no transcurso dunha reunión que ten lugar en Berlín. Ningún xurista desaproba as operacións e os poucos médicos que rexeitan participar na “*Aktion*” non son sancionados.

Os tres médicos- “expertos” da “*Aktion T4*” (case ningún posúe coñecementos psiquiátricos) teñen que ver a cada doente e encher un formulario para cada un deles. Despois do cal, toman ou non a decisión de “transferencia” cara a un dos centros de “eutanasia”. Entre xaneiro de 1940 e agosto de 1941, estes equipos médicos, formados por SS, asasinan a setenta e un mil adultos en cámaras de gas presentadas como duchas. Queiman os cadáveres por xunto e a cinza mesturada élles enviada ás familias que o piden e ás que previamente se lles enviou unha carta en que se anunciaba a morte do familiar, por causa de pneumonía, paro cardíaco...

Pero o segredo de estado transpira, fanse oír as protestas, en concreto, as do bispo de Münster, Mons. Galen, en agosto de 1941⁷⁷. Hitler renuncia, oficialmente, ao programa “T4” a principios de agosto de 1941, porque teme que coas protestas se cristalice aí unha perigosa oposición, mentres el se embarca na guerra esencial contra a Unión Soviética.

En realidade o masacre continúa, sobre todo, nos territorios ocupados, co nome en clave de “*Selektion 14f13*”. Implica o asasinato de arredor de trinta mil detidos, doentes, “improdutivos” e inválidos. Pero o asasinato de doentes mentais faise de xeito discreto. Até finais da guerra, a “*Aktion T4*” continúa a realizar o censo dos doentes a cargo dos asilos de alienados, das institucións de Axuda social e das casas de retiro.

A “*Aktion T4*” é a matriz intelectual e técnica do asasinato masivo. A “eutanasia” e a “solución da cuestión xudía” sucédense cronoloxicamente: participan dunha mesma lóxica biolóxica. A morte por gas en Polonia,

⁷⁶ Grafeneck (letra de código, A), Brandenburg sur Havel (B), Hartheim (C), Sonnenstein (D), Hadamar (E) e Bernburg.

⁷⁷ O 3 de agosto de 1941 o bispo Galen pronuncia o seu terceiro e derradeiro sermón, o máis duro de todos, contra a “eutanasia”. Cómpre subliñar que durante eses días, sen moitas preocupacións polo segredo, os *Einsatzgruppen* fusilan milleiros de xudeus soviéticos.

setembro de 1939⁷⁸, induce o procedemento mortal que se usa no “T4” alemán (outubro 1939), e despois no asasinato masivo do pobo xudeu (decembro 1941). Por outra banda, a institución do gueto (1940) e o “tratamento da fame” ao que está sometido induce a unha nova forma de asasinato utilizada pola “*Aktion T4*” contra os nenos e os adultos. Na primavera de 1942, o Estado pon a disposición do xeneral da SS, Globocnik, responsábel da “operación Reinhardt” (*cfr. infra*), o persoal técnico da “*Aktion T4*”, á cabeza do cal figura o capitán da SS, Christian Wirth que se vai converter no organizador dos centros de aniquilación de Treblinka, Sobibor e Belzec.

A detención en campos de concentración e o xenocidio están directisimamente relacionados co pensamento totalitario bioloxizante, aquel que sostén o control político absoluto da vida. A “*Aktion T4*” marca o advento do bio-poder. O xenocidio xudeu, crime biolóxico e crime de Estado, encontra aí a súa fonte directa.

⁷⁸ Pero o vencello aínda é máis antigo: Alemaña é a primeira nación que asasina en masa con armas químicas modernas empregando gases asfixiantes en 1915.